



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS) E
A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE MATERIALES PARA LA CONSTRUCCIÓN (ASEMACO)
PARA A DIVULGACIÓN DAS AXUDAS EN MATERIA DE VIVENDA EN GALICIA E DO
FINANCIAMENTO CO SISTEMA CREDIASEMACO**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS),

DECLARA:

Que o 9 de abril de 2018 asinouse o Convenio de Colaboración entre o IGVS e a Asociación de Empresarios de Materiales de para la Construcción (ASEMACO) para las divulgación das axudas en materia de vivenda en Galicia e do financiamento do Sistema Crediasemaco con vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as pautas de colaboración entre as partes para a promoción do sistema Crediasemaco, por entender que se trata dun sistema que incide favorablemente na potenciación da realización das actuacións de rehabilitación na Comunidade Autónoma.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

O IGVS, segundo o establecido no artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril, correspóndelle a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia, polo que está interesado en apoiar todas aquelas iniciativas de carácter público ou privado que contribúan a incentivar o sector.

ASEMACO é unha asociación integrada por empresas do sector de comercio de materiais de construción e saneamento, aínda que tamén teñen cabida empresas de sectores moi afíns do comercio da construción en xeral: fabricantes e distribuidores de prefabricados de formigón, plantas de formigón, fábricas de cerámica, derivados do cemento, empresas de granito, alugadores de maquinaria, etc. Entre os servizos que presta ASEMACO está o sistema Crediasemaco, produto da colaboración coas entidades financeiras ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A., desde xullo de 2014, e con CAIXABANK, S.A., desde





novembro de 2016, consistente nun sistema de financiamento das vendas das empresas asociadas aos seus clientes.

Como complemento ao servizo citado e coa finalidade de incentivar o mercado da rehabilitación, que ten unha incidencia clara no sector no que opera ASEMACO, a asociación está interesada en difundir as axudas que existen neste ámbito e que supoñen un incentivo para acometer estas actuacións, e para iso amosa a súa vontade de colaborar co IGVS na divulgación das axudas xestionadas polo organismo.

Os datos do Sistema Crediasemaco relativos á anualidade 2017 superan as 400 operacións, por un importe superior aos 500.000 euros. Isto leva á Asociación e ao IGVS a valorar esta iniciativa e o seu resultado de éxito, xa que activa a actividade comercial e significa unha fonte de financiamento para o consumidor final.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional referido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria.

